

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 22 de decembro de 2005**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na SESIÓN PLENARIA ORDINARIA, que se celebrará o vindeiro xoves, 22 de decembro de 2005, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Central-Actas**

- [1.- Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro, nº 12/05.](#)
- [2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 20.508 á nº 23.628 de 2005.](#)

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

- [3.- Modificación da Ordenanza fiscal xeral.](#)

### **Cooperación e Asistencia a Concellos**

- [4.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Beirarrúas no camiño de Tallo da Lama” do Concello de Camariñas, incluída no POS 2005. Código 05.2100.0062.0.](#)
- [5.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Beirarrúas na rúa Doutor Xabier Teixeira” do Concello de Camariñas, incluída no POS 2005. Código 05.2100.0063.0.](#)
- [6.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Urbanización en Serantes” do Concello de Laxe, incluída no POS 2005. Código 05.2100.0156.0.](#)

### **Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

- [7.- Aprobación do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño.](#)
- [8.- Aprobación da modificación do expediente da obra “Restauración da Casa Reitoral da parroquia da Capela”, código 99.4100.0015.0 PAP.](#)
- [9.- Aprobación da ampliación do prazo de execución das obras do Plan de liquidación de 2000 de recuperación da arquitectura popular.](#)
- [10.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Instalación de remo e piragüismo en Arcos” do Concello de Mazaricos, incluída na sétima fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes 1998-2001. Código 98.3420.0046.0.](#)
- [11.- Aprobación do Plan de investimentos locais 2005.](#)
- [12.- Aprobación do Plan de grandes cidades 2005.](#)
- [13.- Aprobación da primeira fase do Plan piscinas cubertas climatizadas para concellos da provincia cunha poboación superior aos 10.000 habitantes 2005-2006.](#)

### **Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

- [14.- Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2005, 3ª fase.](#)

## **Promoción Económica**

15.- Proposta de formalización dun convenio co Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña para financiar o proxecto de conservación e mellora da galiña Piñeira orixinaria da Comarca de Arzúa.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 22 DE DECEMBRO DE 2005

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 22 de decembro de 2005, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE EN AUSENCIA DO TITULAR O ILMO. SR:

DON XAIME BELLO COSTA BNG

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA MARÍA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 24 DE NOVEMBRO, Nº 12/05.**

Apróbase a acta da sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro, nº 12/05.

### **2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 20.508 Á Nº 23.628 DE 2005.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 20.508 á nº 23.628 de 2005.

### **3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.**

#### INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Simplemente para dicir que desde este punto 3 até o último, até o 15, ambos os dous inclusive, imos votar a favor, e nada máis, aproveitar esta intervención para felicitar estas festas a todos os compañeiros desta Cámara, e como non, a todos os funcionarios, aínda que dentro dun pouco tamén os felicitará vostede en nome de todos, e agradecerlle, como non, tamén o traballo ao longo deste ano.

Sr. Bello Costa

Moitas grazas, Sr. Torres Colomer, de todas as maneiras, antes de proceder á votación, no punto número 11 vai intervir o Sr. Nogueira porque hai algunha variación en relación á documentación tramitada inicialmente.

### **ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia emitida para dar cumprimento ao disposto no art. 218.4 do Regulamento de facendas locais.
- Proposta que subscriben conxuntamente o tesoureiro, a vicetesoureira, o xefe do Servizo de Recadación, a xefa do Servizo de Inspección Tributaria, e o xefe do Servizo de Xestión Tributaria .
- Informe da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para a Ordenanza Fiscal Xeral co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

**1º.-** Aprobar a derogación da ORDENANZA FISCAL XERAL ( aprobada polo Pleno da Excm. Deputación da Coruña o día 25 de outubro de 2002 así como a modificación aprobada mediante acordo plenario do 30 de xaneiro de 2004) e aprobar unha nova ORDENANZA FISCAL XERAL ([redacción íntegra ANEXO 1](#)).

**2º.-** Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

**3º.-**Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra da Ordenanza Fiscal Xeral. (ANEXO 1)

4º.- A Ordenanza Fiscal Xeral comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra ela e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

b) De producírense reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, no que aprobe a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **ANEXO 1**

### **ORDENANZA FISCAL XERAL**

#### **TÍTULO I**

#### **NORMAS TRIBUTARIAS DE CARÁCTER XERAL**

##### **Artigo 1.- OBXECTO**

1. A presente Ordenanza Fiscal Xeral, ditada ao abeiro do artigo 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 12 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e igualmente en desenvolvemento do apartado e) do artigo 7 e da disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ten por obxecto establecer os principios básicos e normas comúns aos seguintes tributos:

- a) Tributos propios da Excm. Deputación Provincial da Coruña (en adiante a deputación).
  - b) Tributos cuxa xestión as delegasen as entidades locais da provincia, entendéndose aplicábel a ordenanza exclusivamente a aquelas funcións de xestión que fosen efectivamente delegadas polas ditas entidades. Para estes efectos a presente ordenanza, a través das normas comúns que contén, complementa as ordenanzas particulares respectivas.
2. As normas contidas nesta ordenanza fiscal serán aplicábeis supletoriamente a outros ingresos de dereito público naqueles supostos concretos non previstos especificamente na súa normativa reguladora e en canto a natureza xurídica de cada tipo de ingreso faga posíbel a dita aplicación.

##### **Artigo 2.- VINCULACIÓN CON ORDENANZAS PARTICULARES**

As normas da presente Ordenanza Fiscal Xeral consideraranse parte integrante das respectivas ordenanzas particulares, en todo o que non estea especialmente regulado nestas.

##### **Artigo 3.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

1. Esta ordenanza obrigará en todo o territorio da provincia da Coruña.
2. As normas contidas nesta ordenanza obrigarán desde a súa entrada en vigor ata a súa derogación ou modificación, de acordo coa súa disposición final.



#### **Artigo 4.- NORMATIVA APLICÁBEL**

1. Os tributos propios da deputación e aqueles cuxa xestión teña encomendada por delegación, rexeranse:

a) Pola Constitución.

b) Polos tratados ou convenios internacionais que conteñan cláusulas de natureza tributaria e, en particular, polos convenios para evitar a dobre imposición, nos termos dispostos no artigo 96 da Constitución.

c) Polas normas que dite a Unión Europea e outros organismos internacionais ou supranacionais aos que se lle atribúa o exercicio de competencias en materia tributaria de conformidade co artigo 93 da Constitución.

d) Pola Lei reguladora das bases do réxime local, polo Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, pola lexislación xeral tributaria e orzamentaria e polas demais leis que conteñan disposicións en materia tributaria.

e) Polas disposicións regulamentarias ditadas en desenvolvemento das normas anteriores e, especificamente, pola presente Ordenanza Fiscal Xeral e polas restantes ordenanzas particulares da propia deputación, ou dos concellos ou entidades locais no caso dos tributos cuxa xestión fose obxecto de delegación en favor desta. Todo iso de acordo co previsto nas normas citadas nos apartados anteriores.

f) Polas instrucións e circulares que poida ditar a Presidencia da deputación para a aplicación desta ordenanza xeral ou das ordenanzas particulares correspondentes.

2. Terán carácter supletorio as disposicións xerais do dereito administrativo e os preceptos do dereito común.

## **TÍTULO II**

### **DO DESENVOLVEMENTO E ADAPTACIÓN DE DETERMINADOS ASPECTOS RELATIVOS AOS TRIBUTOS E A SÚA APLICACIÓN**

#### **Artigo 5.- TRIBUTOS PROVINCIAIS**

De conformidade co disposto nos artigos 131 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os tributos provinciais son:

1. Taxas

2. Contribucións especiais

3. Recargas esixíbeis sobre os impostos doutras entidades locais

#### **Artigo 6.- TRIBUTOS MUNICIPAIS DELEGADOS**

Poderán ser obxecto de delegación na deputación os tributos e demais ingresos de dereito público que sinalen as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas polo Pleno da deputación, coas condicións e o alcance que nelas se recollen.

#### **Artigo 7.- CONCORRENCIA DE VARIOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS**

A concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo orzamento dunha obriga, determinará que queden solidariamente obrigadas fronte á administración tributaria provincial, ao cumprimento de todas as prestacións, salvo que por lei se dispoña expresamente outra cousa.

Cando a deputación só coñeza a identidade dun titular, practicará e notificará as liquidacións tributarias ao seu nome, o cal virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división. Para tal efecto, para que proceda a división, será indispensable que o solicitante facilite os datos persoais e o domicilio dos restantes obrigados ao pagamento, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido, mediante comunicación expresa para o efecto, á que deberán acompañarse os medios documentais xustificativos da procedencia da división.

Salvo que a normativa reguladora de cada tributo estableza outra cousa, cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, para que a solicitude de división produza efectos, deberá presentarse no prazo establecido para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.

De non tratárense de supostos de alta no correspondente padrón ou matrícula, a petición de división producirá efectos a partir do seguinte período impositivo a aquel en que se presentou a solicitude.

Nos tributos de natureza instantánea, a solicitude de división, para que produza efectos fronte á Administración provincial, deberá presentarse antes da finalización do prazo para declarar a realización do feito imponible ou, se é o caso, para presentar en prazo a correspondente autoliquidación.

Nos restantes casos, a solicitude de división deberá presentarse nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria.

#### **Artigo 8.- DOMICILIO FISCAL**

Os obrigados tributarios deberán comunicar o seu domicilio fiscal e o seu cambio á administración tributaria provincial, mediante declaración expresa para tal efecto, sen que o cambio de domicilio produza efecto fronte á administración, ata que se cumpra co dito deber de comunicación. A administración poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado polos obrigados tributarios.

#### **Artigo 9.- BENEFICIOS FISCAIS**

1.- Salvo que por disposición legal expresa se sinale o contrario, a concesión dos beneficios fiscais ten carácter rogado, polo cal terá que solicitala o obrigado tributario.

Nos casos en que o beneficio fiscal haxa de se conceder por instancia de parte, salvo que expresamente se sinala o contrario na correspondente ordenanza fiscal, a solicitude deberá presentarse:

a) Cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na respectiva ordenanza para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.

De non tratárense de supostos de alta no correspondente padrón ou matrícula o recoñecemento do dereito ao beneficio fiscal producirá efectos a partir do seguinte período a aquel en que se presentou a solicitude.

b) Cando se trate de tributos nos que se estableza o réxime de autoliquidación, no prazo de presentación da correspondente autoliquidación.

c) Nos restantes casos, nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria ou ao tempo da presentación da solicitude do permiso ou autorización que determine o nacemento da obriga tributaria, segundo proceda.

2.- Con carácter xeral, a solicitude dos beneficios fiscais non terá carácter retroactivo, polo que comezará a ter efectos desde o momento en que por primeira vez teña lugar a remuneración do tributo con posterioridade á data de solicitude do beneficio fiscal.

3.- A proba da concorrencia dos requirimentos establecidos pola normativa de cada tributo para o goce dos beneficios fiscais corresponde ao obrigado tributario.

4.- A resolución de concesión ou denegación dos beneficios fiscais de carácter rogado notificarase no prazo de seis meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no Rexistro da deputación. Se non se notifica a resolución no dito prazo, a solicitude formulada entenderase desestimada.

5.- Cando se trate de beneficios fiscais que han de se outorgar de oficio, aplicaranse no momento de practicar a liquidación, sempre que o servizo xestor dispoña da información acreditativa dos requirimentos esixidos para o seu goce.

### **TÍTULO III**

#### **A APLICACIÓN DOS TRIBUTOS**

##### **CAPÍTULO I**

Información e asistencia ao contribuínte

#### **Artigo 10.- CONSULTAS TRIBUTARIAS ESCRITAS**

1. As consultas tributarias formularanse por escrito, dirixido ao Ilmo. Sr. presidente da deputación, polos suxeitos e nos prazos sinalados na Lei xeral tributaria, e constará, en todo caso:

a) Nome e apelidos ou razón social, número de identificación fiscal e domicilio do interesado. No caso de que se actúe por medio de representante, farase constar esta circunstancia e incluírase igualmente, a súa identificación completa.

b) Antecedentes e circunstancias do caso, identificando, claramente, o obxecto da consulta.

c) Os demais datos, elementos e documentos que poidan contribuír á formación do xuízo por parte da administración tributaria provincial.

d) Lugar, data e sinatura do escrito.

2. A tramitación das consultas tributarias corresponderalle á unidade que teña asumidas as funcións de información e asistencia ao obrigado tributario.

## CAPÍTULO II

### Competencias en materia de aplicación dos tributos

#### **Artigo 11.- COMPETENCIAS DO PLENO**

Son competencias do Pleno da deputación en materia de aplicación dos tributos, as seguintes:

1. Aprobar as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos e demais entidades públicas da provincia.
2. Aceptar as delegacións de competencias tributarias feitas por outras entidades públicas.
3. Aprobación de convenios ou acordos, con outras entidades públicas, de delegación de competencias en materia de aplicación dos tributos.
4. Aprobación de ordenanzas fiscais e as reguladoras doutros ingresos de dereito público.
5. As demais que lle atribúan as leis, a presente ordenanza xeral e o resto das ordenanzas reguladoras.

#### **Artigo 12.- COMPETENCIAS DO PRESIDENTE**

Son competencias do presidente da deputación en materia de aplicación dos tributos, as seguintes:

1. Ditar instrucións e circulares de aplicación das ordenanzas aprobadas polo Pleno provincial
2. Contestar ás consultas tributarias que se lle formulen á administración tributaria provincial .

3. Aprobar os modelos de autoliquidacións dos tributos e demais ingresos de dereito público.

4. Dispor a non liquidación ou, se é o caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que se fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representen.

## **TÍTULO IV**

### **A XESTIÓN TRIBUTARIA PROVINCIAL**

#### **CAPÍTULO 1**

##### **Disposicións Xerais**

#### **Artigo 13.- A XESTIÓN TRIBUTARIA**

1. A deputación desenvolve a xestión dos tributos propios e demais ingresos de dereito público e daqueles tributos e, así mesmo, outros ingresos de dereito público, cuxa xestión fose delegada por parte das entidades locais da provincia naquelas competencias ou atribucións que no correspondente convenio ou acordo fosen obxecto de delegación.

2. A xestión tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas sinaladas no artigo 117 da Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 14.- COMPETENCIAS**

1. A xestión de tributos e demais ingresos de dereito público será dirixida, baixo a superior competencia do Pleno corporativo, polo presidente da deputación, ao cal lle corresponde ditar os actos administrativos no exercicio das facultades de xestión contidas neste título, salvo naqueles casos que polas normas de carácter xeral ou ordenanzas reguladoras se lle atribúa a competencia a outro órgano.

2. As actuacións derivadas do exercicio das funcións de xestión tributaria da deputación levaraa a cabo o Servizo de Xestión Tributaria, salvo que se encomenden a unha unidade distinta.

3. Son competencia do presidente da deputación en materia de xestión tributaria , as seguintes materias:

1. Dirixir, inspeccionar e impulsar o Servizo de Xestión Tributaria.

2. Aprobar os padróns ou matrículas dos tributos e demais ingresos de cobramento periódico - contraído previo, ingreso por recibo -.

3. Aprobar as liquidacións relativas a tributos e demais ingresos de dereito público de cobranza non periódica - contraído previo, ingreso directo -.

4. Concesión de beneficios fiscais, previstos expresamente nas normas de xeral aplicación.

5. Modificar a forma de exacción das liquidacións tributarias ou de prezos públicos, sempre e cando a nova forma de exacción figure dentro das dispostas na ordenanza reguladora do tributo ou prezo público.
6. As demais que lle atribúan as leis, a presente ordenanza xeral e o resto das ordenanzas reguladoras.

## CAPÍTULO II

Normas especiais de xestión relativas a tributos municipais en que esta se delegue á Deputación provincial

### **Artigo 15.- ALCANCE DA DELEGACIÓN NA XESTIÓN**

1. O alcance da delegación na xestión das entidades da provincia en favor da deputación, verbo dos tributos e demais ingresos de dereito público dispostos no artigo 6 da presente ordenanza, virá acoutado polos correspondentes convenios ou acordos a través dos cales se formalice a dita delegación, sen prexuízo do previsto na presente ordenanza e nas instrucións e circulares que poida ditar en aplicación desta, o presidente da deputación.

### **Artigo 16.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

1. O padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica formarao o Servizo de Xestión Tributaria da deputación, con base no padrón do ano anterior, incorporando as altas, transferencias, cambios de domicilio, baixas e calquera outra alteración con transcendencia tributaria.

2. Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación, debendo tributar no municipio correspondente ao domicilio que conste no citado permiso.

3. Para os efectos de determinar as tarifas a que se refire o artigo 95 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, considerarase potencia fiscal do vehículo a resultante de aplicar as fórmulas recollidas no anexo V do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.

4. Para obter a débeda tributaria que constará no padrón, sobre as tarifas citadas no punto anterior aplicarase o coeficiente de incremento aprobado na ordenanza fiscal do concello correspondente.

5. Para solicitar na Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular, a transferencia, o cambio de domicilio ou a baixa dun vehículo, o interesado deberá acreditar previamente o pagamento do imposto mediante a presentación da carta de pagamento, debidamente dilixenciada, acreditativa do ingreso efectuado. A carta de pagamento, se é o caso, será a correspondente ao último recibo posto ao cobro pola deputación.

6. As exencións a que se refiren as letras e) e g) do artigo 93.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais deberanas solicitar os interesados, indicando as características do vehículo, a causa do beneficio e acompañando os documentos acreditativos do seu dereito. O procedemento que se seguirá para a súa concesión será aprobada polo presidente da deputación.

7. O modelo oficial de autoliquidación que utilizarán os obrigados tributarios para formalizar a alta no imposto será o aprobado para o efecto por resolución da Presidencia.

8. O concepto das diversas clases de vehículos e as regras para a aplicación das tarifas a que se refire o artigo 95 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, determinarase conforme ao establecido no Regulamento xeral de vehículos, nas normas tributarias e nas regras que a continuación se establecen:

1ª) As furgonetas, os furgóns e os vehículos mixtos adaptábeis tributarán como turismo, de acordo coa súa potencia fiscal, agás nos seguintes casos:

a) Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará como autobús.

b) Se o vehículo estivese autorizado para transporte máis de 525 quilogramos de carga útil tributará como camión.

2ª) Os motocarros terán a consideración, para os efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán pola capacidade da súa cilindrada.

3ª) No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques ou semirremolques arrastrados.

4ª) Os cuatriciclos tributarán como turismos, de acordo coa súa potencia fiscal, agás que a cilindrada do seu motor sexa inferior ou igual a 50 cm<sup>3</sup> no caso de motores de explosión, ou que a súa potencia máxima neta sexa inferior ou igual a 4 kw para os demais tipos de motores, en cuxo caso consideraranse, para os efectos deste imposto, como ciclomotores.

5ª) As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen seren transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica, tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

6ª) A carga útil dos vehículos tipificados como camión para os efectos da súa tributación no imposto virá determinada pola diferenza en quilogramos entre a Masa Máxima Autorizada (M.M.A.) e a tara do vehículo, tomando estas magnitudes dos datos reflectidos na tarxeta de inspección técnica do vehículo.

9.- O efecto da concesión dos beneficios fiscais de carácter rogado, no suposto de vehículos xa matriculados, comeza a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter

retroactivo. Unha vez outorgado, o beneficio fiscal aplicarase nas sucesivas liquidacións en tanto non se alteren as circunstancias de feito ou de dereito que determinaron o seu outorgamento.

10.- A bonificación por antigüidade do vehículo, que se é o caso poida establecer o concello, considerarase en todo caso como beneficio fiscal de carácter rogado, salvo que expresamente se sinala o contrario na correspondente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 17.- IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

O imposto esixirase en réxime de declaración ou de autoliquidación, de acordo co que establecesen os concellos delegantes nas súas respectivas ordenanzas fiscais, se ben, en prol de facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias, poderase utilizar, con carácter potestativo, o sistema de autoliquidación aínda nos casos nos que o concello titular do tributo non o contemple na súa ordenanza fiscal .

#### **Artigo 18.- APROBACIÓN DE PADRÓNS**

1.- Os padróns fiscais anuais do imposto sobre bens inmóbeis, imposto sobre actividades económicas e imposto sobre vehículos de tracción mecánica elaborados polo Servizo de Xestión Tributaria, aprobaraos o presidente da deputación.

2.- Os padróns aprobados poranse a disposición dos concellos.

3.- Os padróns serán obxecto de fiscalización pola Intervención da deputación. O procedemento de fiscalización que se seguirá axustarase ao establecido na normativa aplicábel e nas Bases de execución do orzamento para cada exercicio.

#### **Artigo 19.- LIQUIDACIÓNS DE INGRESO DIRECTO**

A aprobación das liquidacións de ingreso directo compete ao presidente da deputación, a proposta dos Servizos de Xestión Tributaria ou Inspección Tributaria coa fiscalización da Intervención de acordo cos procedementos establecidos na normativa aplicábel e nas Bases de execución do orzamento .

### **TÍTULO V**

#### **A INSPECCIÓN TRIBUTARIA PROVINCIAL**

#### **Artigo 20.- FUNCIONS E FACULTADES**



1.- As funcións e facultades do Servizo de Inspección Tributaria da deputación, serán as dispostas na Lei xeral tributaria e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. Tales funcións irán dirixidas á comprobación e investigación dos obrigados tributarios, polos impostos que integran o sistema tributario local e, en particular, polo imposto sobre actividades económicas, co fin de verificar o adecuado cumprimento das súas obrigas tributarias, procedendo, se é o caso, á regularización correspondente mediante a práctica dunha ou varias liquidacións.

As funcións de comprobación da inspección tributaria poderanse ampliadas a calquera outros tributos ou ingresos de dereito público xestionados pola deputación, mediante resolución do seu presidente.

3.- Nas súas funcións de valoración, a inspección tributaria poderá solicitar a colaboración de funcionarios técnicos ao servizo da deputación, que comprobarán e informarán sobre aquelas materias propias do título que representan.

4.- O exercicio das funcións propias da Inspección Tributaria adecuarase aos correspondentes proxectos de actuacións inspectoras, elaborados polo Servizo, autorizados polo Presidente da Corporación e coordinados, se é o caso, con outras actuacións de colaboración executadas pola Administración estatal.

#### **Artigo 21.- PERSOAL INSPECTOR**

1. As actuacións derivadas das funcións inspectoras realizaranas os funcionarios do Servizo de Inspección Tributaria, baixo a inmediata supervisión de quen represente a súa xefatura.

2. Non obstante, actuacións simplemente preparatorias ou de comprobación ou proba de feitos ou circunstancias con transcendencia tributaria, poderán encomendarse a outros empregados públicos que non desempeñen a condición de funcionarios.

3.- As actuacións inspectoras realizarana os funcionarios do Servizo de Inspección Tributaria da deputación, respecto aos entes delegantes, en todo o ámbito territorial da provincia.

4. Os funcionarios que desempeñen funcións de inspección serán considerados axentes da autoridade e deberán acreditar a súa condición, se son requiridos para iso, fóra das oficinas públicas, para o que disporán dunha tarxeta de identidade.

As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario aos funcionarios para o exercicio das funcións de inspección.

5.- Debe entenderse que todas as referencias contidas, tanto na Lei xeral tributaria como nas súas disposicións de desenvolvemento, ao inspector-xefe, o son ao xefe de Servizo de Inspección Tributaria da Deputación, agás no relativo á aprobación de actos administrativos derivados das actuacións e do procedemento, cuxa competencia corresponderá, en todo caso, ao presidente da Corporación.

## **Artigo 22.- COMPETENCIAS DO PRESIDENTE EN MATERIA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA**

Son competencias do presidente, en materia de inspección tributaria, as seguintes:

- a) Aprobar as tarxetas de identidade do persoal inspector
- b) A autorización dos proxectos da Inspección
- c) A solicitude á autoridade xudicial para entrar no domicilio dos obrigados tributarios.
- d) A autorización, se é o caso, para a entrada nos lugares a que se refire o artigo 142.2 da Lei xeral tributaria.
- e) A ratificación das medidas cautelares adoptadas no procedemento inspector
- f) A autorización para a sinatura de actas con acordo.
- g) Calquera outros actos en materia de inspección que a normativa vixente atribúa ao órgano competente para liquidar.

## **TÍTULO VI**

### **A RECADACIÓN**

#### **CAPÍTULO I**

##### **Disposicións Xerais**

## **Artigo 23.- CONCEPTO**

A xestión de recadación da deputación consiste no exercicio das funcións administrativas conducentes ao cobro das débedas tributarias e demais de dereito público da propia deputación ou doutros entes públicos da provincia, tras a delegación das competencias respectivas, e sinatura do correspondente convenio, se é o caso.

## **Artigo 24.- OBXECTO**

1. A xestión de recadación da deputación terá por obxecto a cobranza dos seguintes recursos:
  - a) Tributos e outros ingresos de dereito público dos que sexa titular a deputación.
  - b) Ingresos por recargas e intereses que procedan sobre os conceptos enumerados anteriormente.
  - c) Tributos e outros ingresos de dereito público correspondentes a concellos e outros entes públicos que establezan un convenio ou deleguen a función de recadación destes na deputación, despois da adopción do correspondente acordo e, se procede, a sinatura de convenio.

2. A xestión de recadación, e os medios para a levar a cabo, non poderá aplicarse para a obtención daqueles froitos, rendas, produtos dos bens aos que lles sexan de aplicación as regras do dereito privado.

### **Artigo 25.- EXERCICIO DA XESTIÓN RECADATARIA**

1. A xestión de recadación da deputación levaraa a cabo o Servizo de Recadación.

2. A deputación poderá asumir a xestión de recadación dos ingresos de dereito público doutras administracións públicas, logo da adopción do correspondente acordo e, se procede, a sinatura do convenio.

3. Igualmente, a deputación, poderá adoptar acordo para que a súa xestión de recadación se realice por outras administracións públicas, subscribindo, se fose preciso, o correspondente convenio.

4. Os convenios ou acordos aos que se refiren os apartados 2 e 3, serán publicados no Boletín Oficial da Provincia, unha vez subscritos polas entidades públicas correspondentes.

### **Artigo 26.- COMPETENCIA TERRITORIAL**

A competencia do Servizo de Recadación e dos seus órganos e unidades administrativas esténdese a todo o ámbito territorial de competencia da deputación, con independencia da adscrición, aos exclusivos efectos de organización interna do Servizo, de cada municipio da provincia a unha Zona de Recadación.

## **CAPÍTULO II**

### **Órganos de Recadación e as súas competencias**

### **Artigo 27.- ÓRGANOS DE DIRECCIÓN**

A xestión de recadación será dirixida, baixo a superior competencia do Pleno da Corporación, polo presidente da deputación.

As competencias destes órganos serán as que se establecen neste capítulo.

### **Artigo 28.- ÓRGANOS DE RECADACIÓN E ENTIDADES COLABORADORAS**

1.- Son órganos de recadación da deputación:

- 1) O tesoureiro.
- 2) O vicetesoureiro.
- 3) O xefe de Servizo de Recadación.
- 4) Os recadadores de zona.

As súas competencias respectivas serán as fixadas na presente ordenanza.

2.- Son colaboradoras na recadación da deputación, sen desempeñar en ningún caso o carácter de órganos de recadación, as entidades de depósito que sexan debidamente autorizadas para exercer a dita colaboración.

### **Artigo 29.- COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN**

Correspóndenlle ao Pleno da Corporación, en materia de recadación, as seguintes competencias:

- a) Presentar tercerías de mellor dereito, cando nos rexistros públicos existan anotacións de embargo ou consten dereitos inscritos por terceiros, con anterioridade á anotación solicitada polo Servizo de Recadación sobre os mesmos bens.
- b) Adoptar acordos ou convenios en procedementos concursais.
- c) As demais competencias que na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, nas súas normas de desenvolvemento e demais disposicións aplicábeis sobre a materia, sinálense como de órganos estatais superiores en rango á dirección do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e ao director xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda, ou órganos aos que se adscriban nunha futura as súas competencias.
- d) As que expresamente lle confiran as leis.

### **Artigo 30.- COMPETENCIAS DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN**

Correspóndenlle ao presidente da deputación as seguintes competencias:

- a) Aprobar os documentos de constitución de fianzas dos recadadores e do persoal de recadación, e resolver os expedientes de substitución, ampliación ou diminución de tales garantías.
- b) Restabelecer o imperio da lei nos procedementos de constrinximento, decretando a nulidade das actuacións posteriores ao momento en que se cometese a infracción.
- c) Ditar actos ou resolucións de xestión de recadación cando estes non estean atribuídos expresamente a outro órgano.
- d) Estabelecer e modificar os períodos de ingreso das débedas de acordo co que se determine en relación na lexislación vixente.
- e) Estabelecer contías mínimas para liquidar ou esixir os xuros legais ou de mora e as recargas do período executivo e para recadar débedas polo procedemento administrativo de constrinximento.
- f) Ditar os actos administrativos de declaración de responsabilidade no pagamento de débedas.
- g) Presentar tercerías de mellor dereito, en situacións de urxencia, cando nos rexistros públicos existan anotacións de embargo ou consten dereitos inscritos por terceiros, con anterioridade á anotación solicitada polo Servizo de Recadación sobre os mesmos bens, dando conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.
- h) Aceptar ou acordar a constitución de hipoteca especial.
- i) Outorgar a autorización como entidades colaboradoras ás entidades de depósito.

- j) Resolver as solicitudes de fraccionamento e adiamento, e eximir, excepcionalmente, a constitución de garantías.
- k) Declarar a prescrición de débedas.
- l) Acordar a compensación de débedas.
- m) Acordar a declaración de insolvencias e de créditos incobráveis, así como a súa rehabilitación.
- n) Formular conflitos de xurisdición.
- ou) Declarar a responsabilidade solidaria do depositario de bens embargados.
- p) Autorizar a venda de bens por concurso.
- q) Outorgar escrituras de venda de inmóbeis que resulten alleados como consecuencia do procedemento de constrinximento, e resolver as tercerías en reclamacións en vía administrativa.
- r) Resolver as reclamacións de queixa contra defectos de tramitación dos órganos e axentes no exercicio da función de recadación, tales como incumprimentos, demoras e outras anomalías.
- s) Aprobar a adxudicación de bens á deputación, cando proceda.
- t) Acordar, a proposta do tesoureiro, que se encarguen da execución material das poxas empresas ou profesionais especializados.
- u) Aprobar as normas xerais de organización e funcionamento do Servizo de Recadación e a distribución territorial das zonas de recadación.
- v) Determinar, a proposta da Tesourería, o contido e periodicidade dos Estados e Contas que han render os recadadores provinciais pola súa xestión dos recursos propios e doutros entes públicos, previo informe preceptivo da Intervención provincial.
- w) Incoar, tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade contábel nos supostos expresados nos artigos 15.4 e 177 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria e realizar cantas actuacións requiran a súa instrución.
- x) Incoar, tramitar e resolver os expedientes disciplinarios do persoal recadador.
- y) Todas as que, non estando recollidas neste apartado, se sinalan na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, nas súas normas de desenvolvemento e nas demais disposicións aplicábeis sobre a materia, ditadas polo director do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e polo director xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda ou polos órganos aos que se adscriban nunha futura as súas competencias.

### **Artigo 31.- COMPETENCIAS DO TESOUREIRO**

Correspóndenlle ao tesoureiro as seguintes competencias:

- a) Dirixir a xestión de recadación e ditar as instrucións que sexan necesarias en desenvolvemento das normas xerais aprobadas polo presidente .
- b) Proporlle ao presidente a aprobación de normas xerais de organización e procedemento necesarias para o funcionamento do Servizo de Recadación, previo informe da Intervención provincial.
- c) Elaborar e autorizar os edictos anunciando os períodos de cobro.

- d) Ditar a providencia de constringimento e resolver os recursos e reclamacións que se presenten contra dito acto.
- e) Solicitalle ao presidente a imposición de sancións por incumprimento das peticións de información para o embargo de bens.
- f) Ordenar o alleamento de títulos valores, públicos ou privados, e dos xéneros embargados.
- g) Nomear ao depositario dos bens embargados con funcións de administrador.
- h) Designar o lugar de depósito dos bens embargados.
Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Urbanización en Serantes" do Concello de Laxe, incluída no POS 2005 co código: 05.2100.0156.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariables as achegas da Deputación e do Estado.”

<b>05.2100.0156.0</b>		<b>Urbanización en Serantes (Concello de Laxe)</b>		
	<b>Proxecto inicial</b>	<b>Proxecto Reformado</b>	<b>Diferenza</b>	
Deputación f.p.	18.402,15	18.402,15	0	
Deputación préstamo	14.754,88	14.754,88	0	
Estado	6.072,77	6.072,77	0	
Concello	2.064,73	13.418,30	11.353,57	
<b>TOTAL</b>	<b>41.294,53</b>	<b>52.648,10</b>	<b>11.353,57</b>	

**7.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño cuxo texto é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO (MALPICA DE BERGANTIÑOS)

A Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Sr D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra Don José Ramón Varela Rey ALCALDE-PRESIDENTE do Concello de Malpica de Bergantiños



## EXPOÑEN

1º.- A Deputación provincial da Coruña adquiriu e rehabilitou o conxunto etnográfico do Forno do Forte e o seu quinteiro, grupo de casas anexas do século XIX, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do ecomuseo: reconstruír a vida cotiá, de tempos non afastados, das xentes labregas e oleiras que fixeron de Buño un centro emblemático da produción artesá de Galicia, da provincia e de Bergantiños.

2º.- O ecomuseo do Forno do Forte debe entenderse, pois, como un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, cos inmateriais, especialmente a tradición oleira local e o impulso das novas formas de produción. O obxectivo último é facer do espectador un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura popular como recurso e reclamo turístico.

3º.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto etnográfico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA: OBXECTO.-

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Malpica, a xestión integral do ecomuseo de FORNO DO FORTE DE BUÑO.

### SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

A xestión integral do ecomuseo FORNO DO FORTE DE BUÑO implicará as seguintes obrigas por parte do Concello de Malpica de Bergantiños:

1.- Atención a visitantes:

\* Facilitar a visita do conxunto etnográfico e dos elementos museísticos e doutras exposicións que albergue este polo público, colaborando en todo o que sexa posíbel para que poidan realizala nas mellores condicións, prestando así mesmo os servizos de guía, monitor ou similares.

\* Facilitar aos visitantes folletos e/ou documentación informativa sobre o ecomuseo de FORNO DO FORTE e sobre o municipio de Malpica de Bergantiños.

- \* Facilitar información turística e cultural sobre a Costa da Morte, posibilitando aos visitantes a consulta dos ditos datos por medios informáticos.
- \* Controlar o adecuado tránsito polo inmóbel.
- \* Elaborar un estatística de visitas.

O persoal adscrito deberá atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.

2.- Conservación e mantemento: o Concello de Malpica de Bergantiños deberá manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmóbel como os bens incluídos nel, non poderá realizar obras no inmóbel.

En tanto estea vixente a xestión integral do ecomuseo de FORNO DO FORTE DE BUÑO, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica correrán a cargo do Concello de Malpica de Bergantiños.

3.- Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo en especial a olería de Buño.

4.- Compilación do patrimonio etnográfico da zona, especialmente agrícola, oleira e histórica.

5.- Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona.

6.- A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura popular da zona.

7.- Promover actividades culturais dentro da teoría do ecomuseo: actividades oleiras, conferencias, coceduras tradicionais, gastronomía da zona, actividades agrarias, etc, en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

8.- Estabelecemento de sistemas de relacións con outros centros e ecomuseos de actividades oleiras.

9.- A xestión da taberna como servizos aos visitantes debe incidir nunha oferta baseada nos produtos tradicionais da zona, mantendo o encanto e ambiente do seu contexto, atendido por profesionais cualificados.

10.-O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obriga de facer constar a colaboración da Excm. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

#### TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSOAL E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao abeiro do establecido no R.D.Legislativo 2/200, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será como mínimo:

Días: todos os días da semana, incluídos domingos e festivos. Agás os luns que permanecerá cerrado

Horario: De 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 horas.

#### CUARTA: OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA-

A Deputación Provincial da Coruña aboará o 100% dos gastos non cubertos por ingresos, ata un máximo de 60.000,00 € durante a anualidade de 2006, con cargo á aplicación orzamentaria 0202/454A/462.01

Polo que respecta ás anualidades correspondentes aos exercicios do 2007; 2008 e 2009 a Deputación Provincial da Coruña aboará o 100% dos gastos non cubertos por ingresos, ata un máximo de 60.000,000 € co incremento do IPC correspondente, aplicado sobre o importe da anualidade inmediatamente anterior. En todo caso quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente para responder das obrigas derivadas do presente convenio.

No suposto de que os gastos xustificados non cubertos con ingresos da actividade, fosen superiores, a achega provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na presente cláusula

#### QUINTA.- FORMA DE PAGAMENTO.-

A Deputación provincial aboará ao Concello de Malpica de Bergantiños a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

Efectuaranse 4 pagamentos trimestrais, polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e

correspondentes a períodos vencidos. En consecuencia non se efectuará ningún pagamento por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o dito trimestre, expedida polo sr. secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños.

Acompañarase ademais da memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pagamento requirirá os informes favorábeis do técnico de Xestión Cultural e dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Intervención.

Para o cobramento de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Malpica deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.

Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación Provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houber.

O importe da achega da Deputación Provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

#### SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros servizos técnicos da deputación (Arquitectura, Enxeñería e Mantemento, técnico de Xestión Cultural, etc.) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmóbel e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

#### SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN.-

O inmóbel seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación Provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar as actividades que estime oportunas.

#### OITAVA: VIXENCIA.-

O presente convenio terá unha vixencia de 4 anos, que comezará a partir de xaneiro de 2006 e finalizará no mes de decembro do ano 2009. O dito prazo será improrrogábel.

#### NOVENA: NATUREZA XURÍDICA.-

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que

puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

#### DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

O incumprimento das cláusulas do convenio.

A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.

A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO  
DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Asdo: Salvador Fernández Moreda

Asdo.: José Ramon Varela Rey”

#### **8.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DA OBRA “RESTAURACIÓN DA CASA REITORAL DA PARROQUIA DA CAPELA”, CÓDIGO 99.4100.0015.0 PAP.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto técnico da obra “Restauración da Casa Reitoral da parroquia da Capela” (A Capela), cód. 99.4100.0015.0 PAP, presupostado na cantidade de 30.007,92 euros.

2.- O financiamento do proxecto técnico modifícase ante a necesidade de reaxustar o presuposto para adecualo ao licitado polo Concello da Capela

3.- O presuposta da obra, que ascende a 30.007,92 euros, será cofinanciado pola Deputación e o Concello da Capela con cargo á partida 0305/469.A/762.31 do presuposto da Corporación na contía de 29.449,59 euros de achega provincial e unha achega municipal de 558,33 euros.

AXENTES FINANCI.	PRES. CONTRATA	PRES. ADXUDIC.
Achega Concello	558,33	558,33
Achega Deputación	29.449,59	29.449,59
TOTAIS	30.007,92	30.007,92

## **9.- APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PLAN DE LIQUIDACIÓN DE 2000 DE RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar as solicitudes de ampliación do prazo de execución das seguintes obras do Plan de recuperación de arquitectura popular, concedendo un prazo máximo de tempo para xustificar as actuacións ata o 28 de febreiro de 2006.

CAMBRE 01.4100.0540.0 “2ª Fase adecuación do contorno da igrexa Sigrás”: 60.101,21 euros

MALPICA 99.4100.0064.0 “ Restauración da Reitoral da igrexa de Mens”: 58.005,26 euros

TRAZO 02.4100.0551.0 “Reparacións xerais na igrexa de Augasantas”: 27.044,66 euros

VAL DO DUBRA 99.4100.0127.0 “Construción de lavadoiros en Portomouro, Carreira e Básucas”: 29.288,76 euros

O presuposto das obras será financiado integramente pola Deputación con cargo á partida 0305/469A/62931

2.- Facultar ao presidente para canto proceda no tocante á xestión e execución do seguinte acordo.”

## **10.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “INSTALACIÓN DE REMO E PIRAGÜISMO EN ARCOS” DO CONCELLO DE MAZARICOS, INCLUÍDA NA SÉTIMA FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001. CÓDIGO 98.3420.0046.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar por un importe total sobre o orzamento de contrata de 244.006,60 euros o proxecto reformado da obra “**INSTALACIÓN DE REMO E PIRAGÜISMO EN ARCOS PL.**”, código 98-3420-0046.0, do Concello de Mazaricos, que foi incluída na sétima fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes 1998-2001, aprobada polo Pleno da deputación na sesión realizada o día 28-05-99 e modificado polo Pleno provincial na sesión do 30-03-2001

Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento por razón do incremento experimentado polo importe de 40.377,18 euros sobre o orzamento de contrata, asignándosele ao incremento deste proxecto reformado o código 99-3420-0046.6. O financiamento deste incremento farase integramente con cargo á deputación.

Os datos de financiamento deste proxecto reformado da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, son os seguintes:

98.3420.0046.0 / 99.3420.0046.0 / 99.3420.0046.5 / 99.3420.0046.6 Instalación de remo e piragüismo en Arcos (Mazaricos)							
	Proxecto inicial (A)			Proxecto reformado (B)			Incremento (B-A) 99.3420.0046.6
	-1998-	-1999-	Total	-1998-	-1999-	Total	
Contrata	126.813,55	76.815,87	203.629,42	126.813,55	117.193,05	244.006,60	40.377,18
Adxudic.	126.813,55	60.932,78	187.746,33	126.813,55	98.160,54	224.974,09	37.227,76

2º) Aprobar o incremento experimentado nos honorarios de dirección da obra, ascendendo o importe do incremento a 1560,20 euros tal e como se detalla a continuación:

98.3420.0046.3 / 99.3420.0046.3 Honorarios dirección Instalación remo e piragüismo en Arcos (Mazaricos)							
Concepto	Proxecto modificado (A)			Proxecto reformado (B)			Incremento (B-A) 99.3420.0046.7
	-1998-	-1999-	Total	-1998-	-1999-	Total	
H. Dirección	2.554,30	450,76	3.005,06	2.554,30	2.010,96	4.565,26	1.560,20

O financiamento deste incremento farase integramente con cargo á Deputación.

3º) O financiamento do incremento do proxecto reformado da obra e dos honorarios de dirección (incluída a tarefa VII de desprazamentos) farase integramente con cargo á deputación, para o que existe crédito dabondo na partida 0501/452D/60189 do Plan 2000 deportes do vixente orzamento provincial.

4º) Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións ao acordo, poderán proseguirse as actuacións.”

## **11.- APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005.**

## INTERVENCIONES

### Sr. Nogueira Fernández

É para anunciar unha modificación ao ditame da Comisión no punto 11, xa que o último día que se reuniu a Comisión, o luns, había catro concellos que non cumpriran todos os trámites na súa aprobación dos papeis e aprobouse o ditame da Comisión cun condicionante de emendar esas deficiencias. Viña así ao Pleno ese ditame da Comisión, que dos 78 concellos, 4 traían a documentación incorrectamente e aprobábanse pendentes de que emendasen esa documentación. Hai dous concellos que no transcurso desde o luns até hoxe emendaron esa documentación, e entón era unha modificación do ditame para que só o Concello de Narón e o de Ortigueira figurasen condicionados a que corrixa o envío da documentación. Tanto o Concello de Ribeira como o Concello de Oroso executaron xa toda a documentación e, polo tanto, xa se pode aprobar a inclusión no Plan de investimento local sen condicionantes, entón era esa modificación nada máis.

### Sr. Bello Costa

Antes de proceder á votación e á súa aprobación, agradecer aos tres grupos o voto favorábel a esta programación marco de investimentos provinciais 2005-2006, porque o que aprobamos hoxe, 25 millóns de euros de investimentos, son moitas actuacións para todos os concellos da provincia, dentro, insisto, desa programación marco de investimentos provinciais, xustamente no Plan de investimentos locais comprende 254 proxectos e ascende o investimento a 18.349.991,90 euros. No Plan de grandes cidades van ser 13 actuacións en 3 concellos, cun investimento total de 4 millóns de euros, e na primeira fase do Plan de piscinas cubertas, Porto do Son e Rianxo, é un investimento de 3 millóns de euros, falta un terceiro concello que cando se tramite completamente a documentación se traerá a este Pleno.

Xa que logo, agradecendo o voto favorábel, e congratulándonos en nome da Corporación deste forte investimento da deputación nos concellos da provincia, agradecéndoilles tamén, e anticipándolles, que asistan, se é posíbel, a partir da unha e media á felicitación do Nadal que a Corporación vai facer ao persoal funcionario e ao persoal laboral, primeiro imos votar estes puntos, e felices festas para todos e para todas.

## ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:



“Vista a documentación administrativa e técnica remitida polos 78 concellos destinatarios deste plan xunto coa súa solicitude:

1º) Aprobar o Plan de investimentos locais 2005, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno desta deputación o día 28 de xullo de 2005, e que o texto íntegro está publicado no BOP nº 176 do 3-08-2005, modificado mediante acordo plenario do día 16 de setembro do 2005, do que o texto íntegro está publicado no BOP nº 218 do 22-09-2005.

As cifras globais do financiamento do plan son as que de seguido se indican, e o seu detalle por concellos e actuacións é o que figura no [anexo I](#) a este acordo:

Achega provincial (Deputación préstamo)	17.499.743,64
Achega municipal	850.248,26
<b>TOTAL</b>	<b>18.349.991,90</b>

Número de concellos	78
Número de actuacións	254

Para o financiamento da achega provincial existe crédito dabondo na partida 0501/519E/76299 do vixente orzamento provincial. Dado que o financiamento deste expediente se realiza cun préstamo, deberá quedar condicionado este ao cumprimento das condicións establecidas nos apartados 5 e 6 do artigo 173 de Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2º) Aprobar os proxectos e pregos de prescricións técnicas das actuacións incluídas neste plan, coa seguinte observación:

A aprobación do proxecto que deseguido se indica do Concello de Narón queda condicionado a corrección das deficiencias técnicas observadas nel.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
Narón	05.3200.0142.0	Gardería municipal na Gándara	789.052,88

3º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9.

4º) Aprobar o Plan complementario ao presente plan, no que se inclúen os investimentos que se relacionan no [anexo II](#) a este acordo. Eses investimentos teñen carácter de supletorios e financiaranse con cargo aos remanentes que se poidan orixinar polas baixas de licitación producidas ou anulacións de proxectos, de xeito que a súa aprobación queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

Non obstante, a inclusión neste plan complementario da obra do Concello de Ortigueira que de seguido se indica, queda condicionada á corrección das deficiencias técnicas detectadas no correspondente proxecto.

<b>CONCELLO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>PRESUPOSTO</b>
Ortigueira	Equip. mobiliario cafetería-albergue mpal. Mera	15.000,00

5º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións oportunas, podéndose proseguir coas actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presente ningunha.

6º) Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia, podéndose proseguir coas actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presente ningunha.”

**ANEXO I : Aprobación do Plan de investimentos locais 2005**

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	DEP.PREST	CONCELLO	TOTAL
<b>ABEGONDO</b>	05. 3200. 0001. 0. 51023	ACD. VIARIOS MONTOUTO, VÍOS, CRENDES..	59.017,99	0,00	<b>59.017,99</b>
	05. 3200. 0002. 0. 51023	ACD. VIARIOS FOLGOSO, MEANGOS.....	57.681,86	0,00	<b>57.681,86</b>
	05. 3200. 0003. 0. 46537	REMATE ACD.CENTRO SOCIAL ORTO	59.604,15	0,00	<b>59.604,15</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>176.304,00</b>	<b>0,00</b>	<b>176.304,00</b>
<b>AMES</b>	05. 3200. 0004. 0. 51023	TRAVESÍA EN TARRIO	507.610,92	49.083,61	<b>556.694,53</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>507.610,92</b>	<b>49.083,61</b>	<b>556.694,53</b>
<b>ARANGA</b>	05. 3200. 0005. 0. 51021	PAV.CMS. PRRQ. DE ARANGA	54.629,75	0,00	<b>54.629,75</b>
	05. 3200. 0006. 0. 51021	PAV.CMS.PRRQS.ARANGA, CAMBAS E FEAS	54.796,05	0,00	<b>54.796,05</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>109.425,80</b>	<b>0,00</b>	<b>109.425,80</b>
<b>ARTEIXO</b>	05. 3200. 0007. 0. 51023	RENOV. BEIRARRÚA R/ HISTORIADOR VEDIA....	59.362,39	0,00	<b>59.362,39</b>
	05. 3200. 0008. 0. 51023	RENOV. BEIRARRÚA R/RÍA DE AROUSA.....	43.381,63	0,00	<b>43.381,63</b>
	05. 3200. 0009. 0. 51023	RENOV. BEIRARRÚA R/MAESTRO MATEO.....	59.998,51	0,00	<b>59.998,51</b>
	05. 3200. 0010. 0. 51023	RENOV. BEIRARRÚA AVDA. DOS BOSQUES	58.065,49	0,00	<b>58.065,49</b>
	05. 3200. 0011. 0. 51023	RENOV. BEIRARRÚA R/EMILIA PARDO BAZAN...	59.903,77	0,00	<b>59.903,77</b>
	05. 3200. 0012. 0. 51021	ASF.CM-141 LARÍN, CM-361 DENDE CM367.....	58.889,16	0,00	<b>58.889,16</b>
	05. 3200. 0013. 0. 51021	PAV.CM-399 E CM-198 UXES-ZAPATEIRA.....	238.551,51	0,00	<b>238.551,51</b>
	05. 3200. 0014. 0. 51023	BEIRARRÚAS E PAV.R/PAIO GOMEZ.....	50.290,61	2.757,96	<b>53.048,57</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>628.443,07</b>	<b>2.757,96</b>	<b>631.201,03</b>
<b>ARZUA</b>	05. 3200. 0015. 0. 43533	URB.CONTORNO RECINTO FEIRAL DE ARZÚA	225.160,55	0,00	<b>225.160,55</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>225.160,55</b>	<b>0,00</b>	<b>225.160,55</b>
<b>BAÑA, A</b>	05. 3200. 0016. 0. 51021	SAN.PAV.DUOMES ARRIBA E FAMPOUSA	44.987,97	0,00	<b>44.987,97</b>
	05. 3200. 0017. 0. 51021	PAV.V.P.BARCALA, OUTEIRO E TROITOSENDE	56.826,42	0,00	<b>56.826,42</b>
	05. 3200. 0018. 0. 51023	SAN.PAV.VILAR DE SUSO 1ª FASE E LOUREIR.	49.285,40	0,00	<b>49.285,40</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>151.099,79</b>	<b>0,00</b>	<b>151.099,79</b>
<b>BETANZOS</b>	05. 3200. 0019. 0. 43008	INST.MEL.PQS.INF.MALECON E XUNCALIÑO	31.805,74	1.607,40	<b>33.413,14</b>
	05. 3200. 0020. 0. 43533	MELLORA MEDIO NATURAL URBANO	51.868,82	2.102,02	<b>53.970,84</b>
	05. 3200. 0021. 0. 51023	SUP. BEIRARRÚAS PAV.	257.761,90	9.239,75	<b>267.001,65</b>

				OUTROS ACC.ZONA HIS.			
				TOTAL	341.436,46	12.949,17	354.385,63
<b>BOIMORTO</b>	05. 3200. 0022. 0.	51021	ACD.CMS.ACCESO EN BOIMIL E OUTROS	56.929,15	0,00	<b>56.929,15</b>	
	05. 3200. 0023. 0.	51022	AB.E SAN.EN NÚCLEOS RURAIS	35.226,65	0,00	<b>35.226,65</b>	
	<b>TOTAL</b>				<b>92.155,80</b>	<b>0,00</b>	<b>92.155,80</b>
<b>BRION</b>	05. 3200. 0024. 0.	51021	ACD.CONTORNO DA FONTE DE MERCURIO.....	105.341,96	0,00	<b>105.341,96</b>	
	05. 3200. 0025. 0.	44318	SUB.DISPOSITIVOS SUXECIÓN CONT. LIXO	13.100,00	0,00	<b>13.100,00</b>	
	05. 3200. 0026. 0.	43008	PQS.INFANTIS SABAXANS E MONTE BALADO	14.337,66	0,00	<b>14.337,66</b>	
	05. 3200. 0027. 0.	00599	SUBM.MARTELO ROMPEDOR E ROZADOIRA...	33.542,56	0,00	<b>33.542,56</b>	
	05. 3200. 0028. 0.	44011	SUBM.VARREDOIRA PARQUE MUNICIPAL	40.982,80	0,00	<b>40.982,80</b>	
<b>TOTAL</b>				<b>207.304,98</b>	<b>0,00</b>	<b>207.304,98</b>	
<b>CABANA DE BERGANTIÑOS</b>	05. 3200. 0029. 0.	51021	PAV.E FORM.SENDA PEONIL AS GRELAS..	105.000,00	0,00	<b>105.000,00</b>	
	05. 3200. 0030. 0.	43007	MOD.AMPL.MELLORA ILU.PUB.PRRQS.ANOS.....	59.883,00	0,00	<b>59.883,00</b>	
	<b>TOTAL</b>				<b>164.883,00</b>	<b>0,00</b>	<b>164.883,00</b>
<b>CABANAS</b>	05. 3200. 0031. 0.	00599	ADQ.VEHÍCULO SERVICIO OBRAS	14.000,00	0,00	<b>14.000,00</b>	
	05. 3200. 0032. 0.	44318	ADQ.TRACTOR E MAQ.SERVICIO OBRAS	70.000,00	0,00	<b>70.000,00</b>	
	05. 3200. 0033. 0.	51023	PAV.CMS.PAU DA GUÍA E OS SAUCES	47.468,99	897,01	<b>48.366,00</b>	
	<b>TOTAL</b>				<b>131.468,99</b>	<b>897,01</b>	<b>132.366,00</b>
<b>CAMARIÑAS</b>	05. 3200. 0034. 0.	51023	PAV.R/TARASCA, FONTIÑA E CM.CARRO.....	50.600,54	9.391,89	<b>59.992,43</b>	
	05. 3200. 0035. 0.	51022	RENOV.ABAST.AUGA R/CALVARIO, FONTE....	49.417,71	9.172,35	<b>58.590,06</b>	
	05. 3200. 0036. 0.	51023	CONST.BEIRAR.O ARIÑO EN XAVIÑA	50.606,93	9.393,07	<b>60.000,00</b>	
	05. 3200. 0037. 0.	51023	PAV.R/DR. XAVIER TEIXEIRA EN CAMARIÑAS	34.655,39	6.432,34	<b>41.087,73</b>	
<b>TOTAL</b>				<b>185.280,57</b>	<b>34.389,65</b>	<b>219.670,22</b>	
<b>CARBALLO</b>	05. 3200. 0038. 0.	44012	REDE SAN.PRRQ. OZA, 1ª FASE	74.306,40	7.683,15	<b>81.989,55</b>	
	05. 3200. 0039. 0.	44012	REDE SAN.PRRQ.ARDAÑA, 1ª FASE	62.296,66	7.683,15	<b>69.979,81</b>	
	05. 3200. 0040. 0.	44012	REDE SAN.EN QUEO, 1ª FASE, PRRQ.BÉRTOA	78.017,52	7.683,15	<b>85.700,67</b>	
	05. 3200. 0041. 0.	44012	REDE SAN.CASTELO, 1ª FASE, PRRQ. VILELA	69.068,76	7.683,15	<b>76.751,91</b>	
	05. 3200. 0042. 0.	44012	REDE SAN.RAPADOIRO, 1ª FASE, PRRQ.....	61.838,25	7.672,12	<b>69.510,37</b>	
	05. 3200. 0043. 0.	44012	REDE SAN.PARADELA, 1ª FASE, PRRQ.SOFAN	54.201,26	7.683,15	<b>61.884,41</b>	
	05. 3200. 0044. 0.	44012	REDE SAN.ESPIÑO E RAMIL, PRRQ.SISAMO	61.952,40	7.683,15	<b>69.635,55</b>	
	05. 3200. 0045. 0.	44012	REDE SAN.TABOADA, 1ª FASE, PRRQ.ENTRE....	89.298,74	7.683,16	<b>96.981,90</b>	

	05. 3200. 0046. 0.	44012	REDE SAN.XOANE, PRRQ.GOIANOS	79.533,70	7.683,15	<b>87.216,85</b>
	05. 3200. 0047. 0.	44012	REDE SAN.CANCES DA VILA, 1ª FASE, PRRQ....	82.673,82	7.683,15	<b>90.356,97</b>
			<b>TOTAL</b>	<b>713.187,51</b>	<b>76.820,48</b>	<b>790.007,99</b>
<b>CARNOTA</b>	05. 3200. 0048. 0.	5102	ADEC.CM. A XANEIXA-LARIÑO	31.000,00	0,00	<b>31.000,00</b>
		1				
	05. 3200. 0049. 0.	5102	PAV.PLUVIAIS E SAN.PORTOCUBELO	33.889,31	0,00	<b>33.889,31</b>
		1				
	05. 3200. 0050. 0.	5102	ADEC.CMS. O SANGUINAL E SOFAN	34.440,30	0,00	<b>34.440,30</b>
		1				
	05. 3200. 0051. 0.	5102	ADEC.SENDA E ESPAZO PUB.PANCHES	31.000,00	0,00	<b>31.000,00</b>
		1				
	05. 3200. 0052. 0.	5102	ADEC.CONTORNO ANTIG.VERTEDOIRO.....	33.691,72	0,00	<b>33.691,72</b>
		1				
			<b>TOTAL</b>	<b>164.021,33</b>	<b>0,00</b>	<b>164.021,33</b>
<b>CARRAL</b>	05. 3200. 0053. 0.	4300	INST.PARQUE INFANTIL	21.008,37	1.393,41	<b>22.401,78</b>
		8				
	05. 3200. 0054. 0.	5102	ASF.CMS.PRRQ.TABEAIO	48.546,41	1.393,41	<b>49.939,82</b>
		1				
	05. 3200. 0055. 0.	5102	ASF.VIA DE BARCIA A HERVES	41.889,90	1.393,41	<b>43.283,31</b>
		1				
	05. 3200. 0056. 0.	0059	INST.OITO MARQUESIÑAS	29.703,87	1.393,46	<b>31.097,33</b>
		9				
	05. 3200. 0057. 0.	5102	ASF.CMS. PRRQ.CAÑAS	34.846,86	1.393,41	<b>36.240,27</b>
		1				
			<b>TOTAL</b>	<b>175.995,41</b>	<b>6.967,10</b>	<b>182.962,51</b>
<b>CEDEIRA</b>	05. 3200. 0058. 0.	5102	ABASTECIMENTO EN SISALDE	175.575,15	0,00	<b>175.575,15</b>
		2				
	05. 3200. 0059. 0.	4401	SANEAMENTO NA PAINCEIRA	53.332,20	1,87	<b>53.334,07</b>
		2				
			<b>TOTAL</b>	<b>228.907,35</b>	<b>1,87</b>	<b>228.909,22</b>
<b>CEE</b>	05. 3200. 0060. 0.	5102	CONST.R/CONEXION AVDA. F. BLANCO	72.291,92	0,00	<b>72.291,92</b>
		3				
	05. 3200. 0061. 0.	5102	CONST.R/CONEXION AVDA.FISTERRA	63.563,89	0,00	<b>63.563,89</b>
		3				
	05. 3200. 0062. 0.	5102	CONST.CONTORNO PISCINA	76.164,78	91,21	<b>76.255,99</b>
		3				
	05. 3200. 0063. 0.	4431	SUBM.TRACTOR CORTACESPEDE	14.601,50	0,00	<b>14.601,50</b>
		8				
			<b>TOTAL</b>	<b>226.622,09</b>	<b>91,21</b>	<b>226.713,30</b>
<b>CERCEDA</b>	05. 3200. 0064. 0.	5102	ACC.A PORTOBREA 1ª FASE E OUTROS	48.491,71	0,00	<b>48.491,71</b>
		1				
	05. 3200. 0065. 0.	5102	CM. CAMPOS DE ALGA A CANCELA E OUTROS	50.934,02	0,00	<b>50.934,02</b>
		1				
	05. 3200. 0066. 0.	5102	CM.A RECEGULFE E OUTROS	47.705,99	0,00	<b>47.705,99</b>
		1				
	05. 3200. 0067. 0.	5102	CM. NO MATO E OUTROS	53.736,07	0,00	<b>53.736,07</b>
		1				
			<b>TOTAL</b>	<b>200.867,79</b>	<b>0,00</b>	<b>200.867,79</b>

<b>CERDIDO</b>	05. 3200. 0068. 0.	5102	CM.PRAZA C. SAUDE-ABRUÑEIRO E OUTRO	40.851,17	0,00	<b>40.851,17</b>
	05. 3200. 0069. 0.	4300	INST.IL.PUB.LGS.CAMPO DA IGREXA.....	31.000,00	0,00	<b>31.000,00</b>
	<b>TOTAL</b>			<b>71.851,17</b>	<b>0,00</b>	<b>71.851,17</b>
<b>CESURAS</b>	05. 3200. 0070. 0.	5102	PAV.CMS.PRRQS.MANDAIO,BRAGAD.....	55.391,61	0,00	<b>55.391,61</b>
	05. 3200. 0071. 0.	5102	AMPL.SISTEMA FILTRADO EST.DEPURADORA	35.994,85	254,49	<b>36.249,34</b>
	<b>TOTAL</b>			<b>91.386,46</b>	<b>254,49</b>	<b>91.640,95</b>
<b>COIRÓS</b>	05. 3200. 0072. 0.	4401	AMPL.REDE SAN.ESPENUCA E CONEX.EDAR	46.521,41	846,89	<b>47.368,30</b>
	05. 3200. 0073. 0.	4401	AMPL.REDE SAN.COIRO DE ABAIXO	36.413,60	663,19	<b>37.076,79</b>
	<b>TOTAL</b>			<b>82.935,01</b>	<b>1.510,08</b>	<b>84.445,09</b>
<b>CORCUBIÓN</b>	05. 3200. 0074. 0.	5102	MELLORAS EQUIP.E INFRAESTRUTURAS	31.000,00	2.138,08	<b>33.138,08</b>
	05. 3200. 0075. 0.	5102	MELLORAS VIAS E PAVIMENTOS PUB.	31.000,00	0,00	<b>31.000,00</b>
	05. 3200. 0076. 0.	4353	SUBM.MOBILIARIO URBANO	15.971,10	0,00	<b>15.971,10</b>
	<b>TOTAL</b>			<b>77.971,10</b>	<b>2.138,08</b>	<b>80.109,18</b>
<b>CORISTANCO</b>	05. 3200. 0077. 0.	5102	AF.MELLORA CR.CMS.RURAI S PRRQ.CEREO	45.537,59	0,00	<b>45.537,59</b>
	05. 3200. 0078. 0.	5102	AF.MELLORA CR.CMS.RURAI S PRRQ.TRABA...	45.595,78	0,00	<b>45.595,78</b>
	05. 3200. 0079. 0.	4401	RED.SAN.PRRQ.ERBECEDO E REDE AUGA.....	48.274,25	0,00	<b>48.274,25</b>
	05. 3200. 0080. 0.	5102	AF.MELLORA CR.CMS.RUR.PRRQ.AGUALADA	53.671,78	0,00	<b>53.671,78</b>
	05. 3200. 0081. 0.	5102	AB.AUGA PRRQS. CASTRO E SEAVIA	39.001,90	4.295,48	<b>43.297,38</b>
	<b>TOTAL</b>			<b>232.081,30</b>	<b>4.295,48</b>	<b>236.376,78</b>
<b>CULLEREDO</b>	05. 3200. 0082. 0.	4401	MELLORA REDE PLUV.O PORTÁDEGO-AS BRAÑAS	177.897,62	11.322,85	<b>189.220,47</b>
	05. 3200. 0083. 0.	5102	MELLORA ACC.LIÑARES:R/S.FERNANDO.....	40.075,99	2.550,76	<b>42.626,75</b>
	05. 3200. 0084. 0.	5102	MELLORA ACC.ALVEDRO:R/BARBAN.....	51.521,86	3.279,27	<b>54.801,13</b>
	05. 3200. 0085. 0.	0059	REHABILITACION 1ª E 2ª F. PASEO MARITIMO...	110.327,71	7.022,15	<b>117.349,86</b>
	05. 3200. 0086. 0.	4300	MELLORA E ADECUACION AREAS XOGO INF.	167.547,32	10.664,07	<b>178.211,39</b>
	05. 3200. 0087. 0.	4300	MOD.IL.PUB.R./CONCELLO, JOSE RAMALLO...	56.221,75	3.578,41	<b>59.800,16</b>
	<b>TOTAL</b>			<b>603.592,25</b>	<b>38.417,51</b>	<b>642.009,76</b>
<b>CURTIS</b>	05. 3200. 0088. 0.	4300	ILUMINACIÓN VIAS URBANAS	57.391,19	0,00	<b>57.391,19</b>
	05. 3200. 0089. 0.	5102	REPO.FIRME E SEN.HORIZ.VIAS URBANAS	45.829,09	0,00	<b>45.829,09</b>
	05. 3200. 0090. 0.	4353	DOT.HIDRANTES E MOBILIARIO URBANO	31.010,78	0,00	<b>31.010,78</b>
	05. 3200. 0091. 0.	4353	MELLORA CONTORNO LOCAIS SOCIAIS	25.833,69	5.166,31	<b>31.000,00</b>

			3	ILLANA..				
				<b>TOTAL</b>	<b>160.064,75</b>	<b>5.166,31</b>	<b>165.231,06</b>	
<b>DODRO</b>	05. 3200. 0092. 0.	4401	2	AMPL.COLECTOR SAN.MURONOVO A TALLOS	45.972,43	0,00	<b>45.972,43</b>	
	05. 3200. 0093. 0.	4401	2	CANLZ.PLUVIAIS FONTE VILAR E OUTROS	54.439,90	0,00	<b>54.439,90</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>100.412,33</b>	<b>0,00</b>	<b>100.412,33</b>	
<b>DUMBRIA</b>	05. 3200. 0094. 0.	5102	1	PAV.ACC.NORTE A FILGUEIRA	59.878,41	0,00	<b>59.878,41</b>	
	05. 3200. 0095. 0.	5102	1	PAV.ACC.NORTE ÀS TOUZAS	38.115,52	0,00	<b>38.115,52</b>	
	05. 3200. 0096. 0.	5102	1	REMATE DE PAV. EN SANTA UXIA	59.934,83	0,00	<b>59.934,83</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>157.928,76</b>	<b>0,00</b>	<b>157.928,76</b>	
<b>FENE</b>	05. 3200. 0097. 0.	5102	2	AB.SAN.E PAV. EN PARROQUIAS DE FENE	363.552,26	102.366,58	<b>465.918,84</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>363.552,26</b>	<b>102.366,58</b>	<b>465.918,84</b>	
<b>FISTERRA</b>	05. 3200. 0098. 0.	5102	3	PAV.MELLORA REDE SAN.AUGA R/VICTOR C....	58.636,17	0,00	<b>58.636,17</b>	
	05. 3200. 0099. 0.	5102	3	PAV.MELLORA REDE SAN.AUGA R/VIRXE DAS....	47.455,89	0,00	<b>47.455,89</b>	
	05. 3200. 0100. 0.	5102	3	PAV.MELLORA REDE SAN.R/FONTE VELLA.....	30.599,84	29.221,62	<b>59.821,46</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>136.691,90</b>	<b>29.221,62</b>	<b>165.913,52</b>	
<b>FRADES</b>	05. 3200. 0101. 0.	5102	1	MELL.CONTORNO DAS CAPELAS:VIRTUDES....	48.091,05	0,00	<b>48.091,05</b>	
	05. 3200. 0102. 0.	4532	0	CUB. BANCADAS CMP.F.ABELLA E PONTE C.	51.087,63	0,00	<b>51.087,63</b>	
	05. 3200. 0103. 0.	0059	9	SUBM.CRUCIROS:AIAZO, MESOS E AUGAS S.	18.057,44	0,00	<b>18.057,44</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>117.236,12</b>	<b>0,00</b>	<b>117.236,12</b>	
<b>IRIXOA</b>	05. 3200. 0104. 0.	4653	7	LOCAL SOCIAL EN CORUXOU	41.010,68	0,00	<b>41.010,68</b>	
	05. 3200. 0105. 0.	4401	2	PROLONGACION SAN. CHAO DA VIÑA	36.000,00	0,00	<b>36.000,00</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>77.010,68</b>	<b>0,00</b>	<b>77.010,68</b>	
<b>LARACHA, A</b>	05. 3200. 0106. 0.	5102	1	ACD.CM.EN CAION E LEMAI0	57.427,03	565,13	<b>57.992,16</b>	
	05. 3200. 0107. 0.	5102	1	ACD.CM.EN CABOVILAÑO, LENDO E TORAS	51.503,15	493,97	<b>51.997,12</b>	
	05. 3200. 0108. 0.	5102	1	ACD.CM. DE CHEDA A GUILFOI (TORAS)	37.746,49	362,03	<b>38.108,52</b>	
	05. 3200. 0109. 0.	5102	1	ACD.CM.EN SOANDRES, SOUTULLO,GOLMAR	43.142,68	413,79	<b>43.556,47</b>	
	05. 3200. 0110. 0.	5102	1	ACD.CM. EN MONTEMAIOR	58.975,43	565,64	<b>59.541,07</b>	
	05. 3200. 0111. 0.	5102	1	ACD.CM.EN COIRO E ERBOEDO	54.735,68	524,98	<b>55.260,66</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>303.530,46</b>	<b>2.925,54</b>	<b>306.456,00</b>	
<b>LOUSAME</b>	05. 3200. 0112. 0.	5102	1	PAV.EN BEXERES, CANABETAN.....LESENDE	36.009,54	0,00	<b>36.009,54</b>	
	05. 3200. 0113. 0.	5102		PAV.EN SABUGUEIRO, SOUTIÑO... E	36.884,54	0,00	<b>36.884,54</b>	

			1	OUTROS				
	05. 3200. 0114. 0.	4401	2	SAN.EN GANDARELA E BOCA DO SOUTO	41.888,27	0,00	<b>41.888,27</b>	
	05. 3200. 0115. 0.	4330	8	SUBM.MATERIAL PARA ZONAS DE OCIO	13.645,37	0,00	<b>13.645,37</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>128.427,72</b>	<b>0,00</b>	<b>128.427,72</b>	
<b>MALPICA DE BERGANTIÑOS</b>	05. 3200. 0116. 0.	0059	9	ADQUISICION TERREO EN BARIZO	50.000,00	0,00	<b>50.000,00</b>	
	05. 3200. 0117. 0.	4353	3	ADQUISICION MOBILIARIO CONCELLO	13.200,00	773,82	<b>13.973,82</b>	
	05. 3200. 0118. 0.	5102	3	ACD.R/TIO PAZ E R/CANIDO	50.376,84	0,00	<b>50.376,84</b>	
	05. 3200. 0119. 0.	5102	3	ACD.R/RAMONA CRIADO	58.654,90	0,00	<b>58.654,90</b>	
	05. 3200. 0120. 0.	5102	3	ACD. R/SAN RAMON	20.417,44	25.353,11	<b>45.770,55</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>192.649,18</b>	<b>26.126,93</b>	<b>218.776,11</b>	
<b>MAÑON</b>	05. 3200. 0121. 0.	4431	8	ADQ.CAMION CON EQUIP. RECOL.COMP.LIXO	110.019,51	0,00	<b>110.019,51</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>110.019,51</b>	<b>0,00</b>	<b>110.019,51</b>	
<b>MAZARICOS</b>	05. 3200. 0122. 0.	5102	1	CMS.MPAIS.PRRQS.ALBORES E COLUNS	55.497,37	0,00	<b>55.497,37</b>	
	05. 3200. 0123. 0.	5102	1	CMS. MPAIS.PRRQS.MAZARICOS E CORZON	59.309,37	0,00	<b>59.309,37</b>	
	05. 3200. 0124. 0.	5102	1	CMS.MPAIS.PRRQS.VAOS, MAROÑAS,ANTES	42.573,66	0,00	<b>42.573,66</b>	
	05. 3200. 0125. 0.	5102	1	CMS.MPAIS.PRRQS.CORZON E BEBA	57.981,76	0,00	<b>57.981,76</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>215.362,16</b>	<b>0,00</b>	<b>215.362,16</b>	
<b>MELIDE</b>	05. 3200. 0126. 0.	4532	0	ACD.CAMPO DE FUTBOL	252.056,08	0,00	<b>252.056,08</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>252.056,08</b>	<b>0,00</b>	<b>252.056,08</b>	
<b>MESIA</b>	05. 3200. 0127. 0.	5102	3	MELLORA PRAZA DE MESIA	31.300,81	0,00	<b>31.300,81</b>	
	05. 3200. 0128. 0.	4532	0	PISTA POLDVA.EN FACHAS-CUMBRAOS	33.147,53	0,00	<b>33.147,53</b>	
	05. 3200. 0129. 0.	4431	8	COLOC.ELEM.SUXEC.CONTEDORES LIXO	31.077,24	0,00	<b>31.077,24</b>	
	05. 3200. 0130. 0.	4401	1	ADQUIS. ROZADOIRA PARA TRACTOR	16.605,40	0,00	<b>16.605,40</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>112.130,98</b>	<b>0,00</b>	<b>112.130,98</b>	
<b>MIÑO</b>	05. 3200. 0131. 0.	4353	3	ORDE. URB. MELLORA URBANA A. NA GALEA	244.675,54	0,00	<b>244.675,54</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>244.675,54</b>	<b>0,00</b>	<b>244.675,54</b>	
<b>MOECHE</b>	05. 3200. 0132. 0.	5102	1	CM.FEAL VENTUREIRO (ABADE) E OUTROS	37.375,97	0,00	<b>37.375,97</b>	
	05. 3200. 0133. 0.	5102	1	CM.VALDIXE-LIMITE CERDIDO E OUTROS	32.514,31	0,00	<b>32.514,31</b>	
				<b>TOTAL</b>	<b>69.890,28</b>	<b>0,00</b>	<b>69.890,28</b>	
<b>MONFERO</b>	05. 3200. 0134. 0.	4300	7	AMPL.IL.PUB.A GRAÑA,CARBALLIÑO A XIAO..	38.420,55	0,00	<b>38.420,55</b>	



	05. 3200. 0135. 0.	5102 3	AMPL.BEIRARR.PRADAGRANDE, REBORDELO.....	56.127,81	3.342,97	<b>59.470,78</b>
	05. 3200. 0136. 0.	0059 9	INST.MARQUESIÑAS NO TERMO MPAL.	31.032,33	0,00	<b>31.032,33</b>
			<b>TOTAL</b>	<b>125.580,69</b>	<b>3.342,97</b>	<b>128.923,66</b>
<b>MUXÍA</b>	05. 3200. 0137. 0.	4401 2	MELLORA SUBM.AUGA DEPOS. PRADO	40.302,46	0,00	<b>40.302,46</b>
	05. 3200. 0138. 0.	5102 1	MELLORA ESTRADA AÑOBRES-VILARIÑO	31.417,57	0,00	<b>31.417,57</b>
	05. 3200. 0139. 0.	4300 7	ADQUISICION ALUMEADO ARTISTICO	51.497,00	0,00	<b>51.497,00</b>
	05. 3200. 0140. 0.	5102 1	ACD.ACCESO E CMS. EN LEIS	55.849,52	0,00	<b>55.849,52</b>
			<b>TOTAL</b>	<b>179.066,55</b>	<b>0,00</b>	<b>179.066,55</b>
<b>MUROS</b>	05. 3200. 0141. 0.	5102 3	URB.DE SORRIBAS 1ª FASE	263.843,94	0,00	<b>263.843,94</b>
			<b>TOTAL</b>	<b>263.843,94</b>	<b>0,00</b>	<b>263.843,94</b>
<b>NARON</b>	05. 3200. 0142. 0.	4252 9	GARDERIA MPAL.NA GANDARA	789.052,88	0,00	<b>789.052,88</b>
			<b>TOTAL</b>	<b>789.052,88</b>	<b>0,00</b>	<b>789.052,88</b>
<b>NEDA</b>	05. 3200. 0143. 0.	5102 3	REPO.BEIRARR.AC-115-TAMO:RUA BASTEIRO.....	166.728,52	0,00	<b>166.728,52</b>
			<b>TOTAL</b>	<b>166.728,52</b>	<b>0,00</b>	<b>166.728,52</b>
<b>NEGREIRA</b>	05. 3200. 0144. 0.	5102 3	PAV.V.P.AGRIS, PIAXE E RESTREBEIRA	55.988,88	0,00	<b>55.988,88</b>
	05. 3200. 0145. 0.	5102 3	PAV.V.P.EN MEIRO, RIAL E GORGAL	53.072,24	0,00	<b>53.072,24</b>
	05. 3200. 0146. 0.	5102 3	PAV.V.P.AVDA.SANTIAGO, R/DO CARME.....	31.022,27	0,00	<b>31.022,27</b>
	05. 3200. 0147. 0.	5102 3	PAV.V.P.NA PENA (ADRO)	31.688,80	0,00	<b>31.688,80</b>
	05. 3200. 0148. 0.	4653 7	CONST.LOCAL SOCIAL EN ROMARIS	32.041,49	0,00	<b>32.041,49</b>
